

## Dende a CIG defendemos:

- Derrogación completa das reformas laborais e das contrarreformas das pensións, nomeadamente as de 2011 e 2013.
- Supresión do factor de sustentabilidade ou de calquera outro que o substitúa (factor de equidade interxeneracional) que penalice o aumento da esperanza de vida impondo unha baixada xeneralizada nas pensións do futuro.
- Fixación por lei da pensión mínima igual ao Salario Mínimo Interprofesional (1.150 €, que é o 60% do salario medio, como recomenda a Carta Social Europea).
- Revalorización por lei para que anualmente se actualicen as pensións de acordo ao IPC.
- Xubilación aos 65 anos, e voluntaria a partir de ter 35 anos, reais ou por aplicación dos coeficientes redutores en determinadas profesións.
- Cálculo da base reguladora segundo as base de cotización actualizadas a data de reporte da pensión co IPC de todo o tempo transcorrido, dun período de 10 anos elixido pola persoa beneficiaria entre a súa carreira de cotización.
- Eliminar os topes máximos de cotización á seguridade social, mantendo uns límites máximos para o importe da pensión.
- Restablecer o dereito a xubilación parcial aos 61 anos como existía antes da reforma.
- Transferencia á Administración Galega da competencia da xestión do réxime económico da Seguridade Social prevista no Estatuto de Autonomía.
- Eliminación das desgravacións fiscais dos plans privados de pensións.
- Recoñecemento por lei de coeficientes redutores da idade de xubilación nas profesións de maior penosidade e perigosidade.
- Fin das bonificacións e descontos para o empresariado nas cotizacións.

**Aínda estamos a tempo de parala!  
A reforma está en trámite parlamentario  
MOBILÍZATE!**



**Ante as ameazas  
ás nosas pensións**

**Mobilicémonos  
na defensa dos  
nosos dereitos!**



**Confederación Intersindical Galega**



**Confederación Intersindical Galega**

[www.cig.gal](http://www.cig.gal)



# Pensións dignas, no presente e no futuro



## SABÍAS QUE.....

- A pensión media en Galiza é de 865,94 € mensuais, 84 euros por debaixo do SMI. Mentres a pensión media no estado español é de 1017,97 €.
- 415.310 persoas pensionistas en Galiza teñen unha pensión inferior aos 736,34 €
- A poboación con máis de 65 anos acada de media 28,9 anos cotizados, moi lonxe dos 36,9 anos necesarios para acceder á pensión máxima.
- A idade media de xubilación está nos 64,71 anos e un 5,20% da poboación xubilase aos 69,52 anos.
- Existe unha enorme fenda de xénero que se comeza a xerar nos primeiros anos de cotización e que chega aos 11,1 anos a favor dos homes cando chegan aos 65 anos, en prexuízo das mulleres.
- A pensión media dunha galega é case 300 euros inferior cá pensión media dun galego. As mulleres teñen unhas pensións medias un 35% inferiores ás dos homes e das persoas con pensións máis baixas, máis do 60% son mulleres.

## O novo pacto das pensións do 1 de xullo de 2021 non garante unhas pensións dignas presentes nin futuras

O PP e o PSOE levan anos querendo reformar de xeito brutal o sistema público de pensións, pero teñen medo á contestación popular, por iso apóianse en CCOO e UGT para perpetrar este novo roubo as clases populares. Son instrumentos ao servizo da xente rica e con estas medidas afóndase máis na crise e nas desigualdades sociais.

O acordo asinado o pasado 1 de xullo, súmase ao anterior, do 27 de Xaneiro de 2011, cando o goberno español xunto con CCOO e UGT asi-

naron un acordo no que se vendían as nosas pensións. Neste acto vergoñento subían o período de cálculo de 15 a 25 anos. Aumentaban a idade de xubilación dos 65 aos 67 anos, tamén aumentaban a idade mínima de xubilación dos 61 anos aos 63 e 33 cotizados.

O Goberno español, os sindicatos estatais e as organizacións patronais, co acordo do 1 de xullo deste ano, veñen de pactar a consolidación de todos eses recortes perpetrados no ano 2011.

## Por que a CIG está en contra desta nova reforma?

1. Porque non **garante unhas pensións dignas e consolida os recortes** que supuxeron unha redución das pensións no ano 2011.
2. Porque o goberno advirte que esta é a primeira parte dunha negociación que anticipa **novas perdas de dereitos** en base a exixencias da Unión Europea.
3. Nun novo exercicio de cinismo anuncian a eliminación do factor de sustentabilidade mais empregan un eufemismo chamado “factor de equidade interxeneracional”, que suporá **novos recortes nas pensións** das xeracións do baby boom ao penalizar o aumento da esperanza de vida.
4. Manteñen a reforma das pensións do 2011 que supón manter unha **caída das pensións do 25%**, xa que supuxo unha ampliación da idade de xubilación aos 67 anos e o aumento do período de cálculo aos 25 anos.
5. Con esta nova reforma non se garante o poder adquisitivo das prestacións xa que **as pensións mínimas non chegan ao 60% do salario medio** do estado de acordo a carta social Europea, e que sería neste momentos de 1.150 € ao mes.
6. Porque **seguen anulando a xubilación parcial, penalizan a xubilación anticipada, atrasan a idade de xubilación** e fomentan o aumento da vida

laboral mentres impiden a entrada da xente nova ao mundo do traballo, cronifican a emigración e o paro xuvenil entre os menores de 25 anos.

7. Condenan a moitas persoas traballadoras a **prolongar a súa vida laboral** en actividades penosas e de grande esforzo físico. Mentres reducen a cota empresarial a Seguridade Social por contingencias comúns durante as incapacidade temporais das persoas maiores de 62 anos que eles mesmos castigan. **Subvencionando as empresas a cargo da caixa da Seguridade Social.**
8. Porque o **diálogo social** é unha ferramenta do capital contraria aos intereses da clase traballadora e da defensa do sistema público de pensións. É un **exercicio da corrupción institucional do estado español** ao negociarse ás agochadas o futuro do sistema público de pensións fóra dos ámbitos de representación institucional.
9. Fomentan os plans privados de pensións de emprego sustentados na negociación colectiva. **Privatizan parte das pensións** atendendo as peticións da banca e das corporacións financeiras, aumentando a fenda entre persoas traballadoras precarias e non precarias.